

SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS-CURSO 2009-2010

Rematado o proceso de avaliación das solicitudes de prazas de aloxamento do Servizo Universitario de Residencias (SUR) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o curso 2009-2010, correspondentes aos sectores de **estudantes de grao, primeiro e segundo ciclo, terceiro ciclo, másteres oficiais, programas de doutoramento (RD 1393/2007), investigadores en formación, estudantes de cursos de posgraos propios, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos**, e, consonte ao establecido no punto 10.A. da Convocatoria de prazas de aloxamento do SUR, **esta Vicerreitoría resolve:**

Facer pública as LISTAS PROVISORIAS de solicitudes admitidas a trámite, por ter presentada completa a documentación que se solicitaba, as de excluídas provisionalmete e as de excluídas definitivamente.

Os demandantes cuxas solicitudes aparecen como **EXCLUÍDAS PROVISIONALMENTE por motivos académicos**, se o curso anterior estudaron na USC, non precisan achegar ningunha outra documentación e, se proveñen doutras universidades, dun ciclo superior de FP ou das PAAU, deberán aportar copia do expediente académico ou da cualificación das PAAU.

Os demandantes cuxas solicitudes aparecen como **EXCLUIDAS PROVISIONALMENTE pola falta dalgunha documentación, dispoñen ata as 14 horas do día 11 de agosto para entregar a documentación requirida ou a que estimen oportuna para completar as súas solicitudes**, no Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado (Pavillón Estudiantil, Campus Sur, Santiago de Compostela), no Rexistro Xeral da USC, na Vicexerencia do Campus de Lugo (Edificio Biblioteca Intercentros, Campus Universitario), ou por calquera dos procedementos recollidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O día 25 de agosto faranse públicas as listas definitivas de admitidos en cada centro, a lista de agarda e a relación de excluídos, nos taboleiros de anuncios dos centros do SUR, no do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, no da Vicerreitoría de Comunidade Universitaria e Compromiso Social, no da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e na páxina web <http://www.usc.es/sur/>

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2009

**O VICERREITOR DE COMUNIDADE UNIVERSITARIA
E COMPROMISO SOCIAL**

(P.D., R.R. de 31 de julio de 2007)



José Manuel Mayán Santos